

## 06. DOCUMENTACIÓN DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

### EXTRACTO AMBIENTAL E MEDIDAS DE SEGUIMENTO AMBIENTAL

#### DATOS DO INSTRUMENTO DE PLANEAMENTO

<b>Concello</b>	LUGO
<b>Provincia</b>	LUGO
<b>Código do instrumento de planeamento</b>	27028_PP_202206_AD
<b>Denominación do instrumento de planeamento</b>	PLAN PARCIAL DE SOLO INDUSTRIAL NO SECTOR DE SUD COESES-CUIÑA S-1.I (CONCELLO DE LUGO)
<b>Competencia para aprobación definitiva</b>	<input checked="" type="checkbox"/> Municipal <input type="checkbox"/> Autonómica
<b>Enderezo electrónico</b>	<a href="http://concellodelugo.gal/gl/actuacions/normativa-urbanistica">http://concellodelugo.gal/gl/actuacions/normativa-urbanistica</a>

#### EXTRACTO AMBIENTAL

##### I. Xustificación da integración no documento de planeamento dos aspectos ambientais

Propóñense as seguintes medidas de integración:

- As especies vexetais que se incorporen tanto no espazo libre, como no axardinamento de beirarrúas e aparcadoiros serán autóctonas, e preferentemente aquelas que poidan ser consideradas como vexetación potencial. Procurarase evitar así mesmo aquelas que puideran requirir dun alto mantemento, tanto no que respecta á limpeza do espazo público, como ás súas necesidades de rego.
- Manterase o acabado superficial das calzadas en perfecto estado para evitar a produción de ruídos motivados polo tráfico rodado.
- Evitaranse os pavimentos continuos impermeables no espazo libre, e en todo caso, poderanse incorporar xustificadamente, mais referíndose a percorridos internos, ou pequenas superficies que non superen o 20% da superficie total.
- Manterase a rede de alumeadado público en correcto estado de funcionamento para evitar incidencia sobre medio ambiente.
- A iluminación do espazo público proxectarase de modo racional, evitando excesos de potencia lumínica e de altura, sobre todo nos espazos de carácter peonil.
- Preverase o incremento da capacidade de recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos para a totalidade do ámbito obxecto da actuación.
- Manterase o adecuado mantemento das redes de saneamento de fecais e pluviais, controlando en todo momento que as acometidas realizadas se executen da forma axeitada.
- Control de emisións radioeléctricas.

## II. Xustificación de como se tomaron en consideración no documento de planeamento o estudo ambiental estratéxico, os resultados da información pública e das consultas e a declaración ambiental estratéxica, así como, no seu caso, as discrepancias xurdidas no proceso.

Na **resolución do 10 de setembro de 2018** pola que se formula o **Informe Ambiental Estratéxico do Plan Parcial de Solo Industrial no sector de SUD Coeses-Cuiña S-1.I, no Concello de Lugo, promovido por Novafrixa, S.A., resólvese non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria** dito Plan.

A continuación resúmense as principais cuestións ambientais formuladas dos dous informes recibidos durante o período de exposición pública e consultas previas:

- **Dirección Xeral de Patrimonio Cultural**, o cal fai unha serie de consideracións e determinacións que hai que incorporar no documento do Plan Parcial que se aprobe:
  - Realizárase unha prospección exhaustiva do ámbito de actuación do obxecto de identificar con precisión todos os bens merecedores de protección, asemade amplíase a dita prospección fóra do ámbito pola posible afección do contorno de protección doutros bens localizados na contorna adxacente. Realizada a prospección, deberán delimitar os bens identificados e o seu contorno de protección para a súa inclusión no Catálogo e a súa representación nos planos de ordenación.
  - Engadírase ao Catálogo de patrimonio cultural o xacemento arqueolóxico de "Trigás (muralla)".
  - Modificacións na ficha e no contorno de protección do elemento catalogado "Cruceiro de Lamablanca" segundo o establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia (LPCG).
  - Respecto dos muros de chantos existentes no ámbito, estudarase a súa localización, extensión e características. De considerarse conveniente o mantemento destes elementos tradicionais, integraranse na nova ordenación do ámbito e establecerase unha ordenanza que garanta a súa salvagarda.
  - Indica que unha vez aprobado inicialmente o Plan, deberase solicitar o informe vinculante desta Consellería previsto no artigo 34 da LPCG, para o que se deberá achegar o documento debidamente dilixenciado.
- **Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural**, que non considera ningún afección ou alegación ao documento presentado.

Para evitar ou minimizar posibles efectos ambientais adversos, integraranse no planeamento as determinacións establecidas na proposta do informe ambiental estratéxico, isto é, ademais do indicado no informe de Patrimonio, establece nas súas conclusións que co fin de favorecer a integración paisaxística das edificacións previstas súxírese adoptar as medidas que resulten oportunas; entre outras, favorecer o emprego de materiais e cores que suavicen o contraste coa contorna, fomentar a homoxeneidade da volumetría das naves, limitar as fragmentacións visuais xeradas polos peches, regular a implantación de rótulos e sinais e limiten as superficies metálicas que xeren brillos.

**Realízase o proxecto de intervención da prospección arqueolóxica exhaustiva da zona e do entorno do Plan Parcial** por arqueólogo especializado e solicítase a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio

Cultural da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia (DXPC).

Unha vez realizada a intervención en campo, o arqueólogo envía ao organismo en materia de Patrimonio Cultural o **informe da prospección do Plan Parcial con código CT 102A 2019/050-0**, no que se indica que non hai ningún tipo de cautela ou cambio con respecto ó que se coñecía na parcela e co desenvolvemento do plan é compatible co patrimonio da zona e, faise constar expresamente que durante os traballos de prospección levados a cabo non se recolleron materiais de valor ou interese arqueolóxico.

Trala consulta a xefa de servizo de planeamento da Subdirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre a continuación da tramitación unha vez presentado o informe do arqueólogo, indícanos que se continúe coa tramitación do Plan; redactando o documento para Aprobación Inicial e incorporando as consideracións e determinacións que figuran no Informe Ambiental Estratéxico, e axuntando o informe de prospección arqueolóxica realizado e presentado.

As **fichas do catálogo** do PXOM aprobado definitivamente, sen alterar, son as vixentes para os seguintes elementos do patrimonio cultural, fichas que se incorporan no punto 5 da memoria informativa do Plan:

5.3.FICHA DO CATÁLOGO DO PLAN XERAL CORRESPONDENTE AO CRUCEIRO DE LAMABLANCA.

5.4.FICHA DO CATÁLOGO DO PLAN XERAL CORRESPONDENTE AO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DE TRIGÁS (MURALLA).

5.5.FICHA DO CATÁLOGO DO PLAN XERAL CORRESPONDENTE AO NÚCLEO RURAL O VILAR.

Dentro do citado punto 5 da memoria informativa do Plan faise unha análise do patrimonio cultural e elabóranse unhas fichas resumo informativas destes tres elementos de interese patrimonial, que só teñen carácter informativo, onde se tivo en conta a nova lexislación vixente en materia de Patrimonio Cultural, Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, en vigor desde o 16 de agosto de 2016 (LPCG), e as determinacións que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC) considerou durante o período de consultas da avaliación ambiental estratéxica e que foron incorporadas ao Informe Ambiental Estratéxico, co obxecto de acadar unha mellor integración ambiental do Plan, agás o tema referido á modificación do contorno de protección do Cruceiro de Lamablanca, xa que segundo o indicado polo o servizo de arquitectura do departamento de urbanismo e medio ambiente do Concello de Lugo, o Plan Parcial como instrumento de planeamento de desenvolvemento non pode modificar un contorno de protección, só a través dunha Modificación Puntual se podía modificar dito contorno.

Esta indicación feita desde o órgano municipal foi corroborada na reunión mantida polos técnicos municipais coa delegación territorial en Lugo do órgano autonómico do Patrimonio Cultural de Galicia, tendo en conta a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que expresamente no artigo 65.1.b) sinala que “de ningún modo” un planeamento de desenvolvemento (Plan Parcial neste caso) poderá alterar ou afectar determinacións do PXOM sinaladas no artigo 52 e no seu apartado h) que fala do catálogo e das súas medidas de protección.

Con respecto aos **muros de chantos**, estudase a súa localización, extensión e características, co obxecto de valorar a necesidade da súa protección. A datación destes valados é incerta, son de tipo tradicional, laxas de esquisto grisáceo colocadas verticalmente. O tramo con presenza de chantos existente dentro do ámbito do Plan Parcial é o que se atopa na zona sueste, onde o Plan formula un espazo libre público e unha rede viaría peonil pública, aínda que o tramo non é continuo, existindo ocios no seu trazado e

elementos deteriorados ou que non teñen unha boa estabilidade como se observa nas seguintes imaxes.

Este tramo de chantos indicado no plano de delimitación do sector integrarase como elemento estruturante na nova ordenación do ámbito, establecendo no artigo 9, no seu punto 9.2 de condicións particulares para proxectos de urbanización, un novo apartado para a protección dos muros de chantos existentes, que garanta a súa salvagarda, aínda que non a súa catalogación.

No punto 2.6 da memoria xustificativa do Plan recóllese que, en canto á asignación dos volumes, estes aínda sendo edificacións industriais, fórmulanse con tipoloxías de baixa densidade, similares ás existentes, con edificacións illadas de B+1, polo que non se alteran as condicións paisaxísticas circundantes en canto a tipoloxías edificatorias. A isto hai que engadir o establecido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático no seu informe que determina que co fin de favorecer a integración paisaxística das edificacións previstas súxírese ter en conta e adoptar as medidas que resulten oportunas; entre outras, favorecer o emprego de materiais e cores que suavicen o contraste coa contorna, fomentar a homoxeneidade da volumetría das naves, limitar as fragmentacións visuais xeradas polos peches, regular a implantación de rótulos e sinais e limiten as superficies metálicas que xeren brillos. Medidas que se incorporan ao Capítulo das ordenanzas reguladoras referido as normas xerais de edificación, no apartado 7.7. Condicións estéticas do artigo 7.

### III. Razóns da selección da alternativa seleccionada en relación coas alternativas consideradas.

#### III.1 Análise das alternativas

Núm. alternativa	Vantaxes	Inconvenientes
Alternativa 0	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ningún impacto ambiental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Non realización do Plan</li> <li>Ningunha inversión.</li> <li>Ningunha funcionalidade.</li> <li>Non permite o desenvolvemento do sector.</li> <li>Non permitir xerar novos postos de traballo.</li> </ul>
Alternativa 1	<ul style="list-style-type: none"> <li>Inversión de iniciativa particular.</li> <li>Permitir desenvolver o sector.</li> <li>Fomentar novos postos de traballo.</li> <li>Cesión do solo e urbanización de todos os sistemas xerais sistemas locais e reservas para dotacións incluídos no sector.</li> <li>Creación dun espazo de equipamento público.</li> <li>Mellorar as infraestruturas do ámbito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Menos superficie de sistema local de espazos libres que a alternativa 2.</li> <li>Menos superficie de rede viaria e aparcamentos públicos que a alternativa 2.</li> </ul>
Alternativa 2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Inversión de iniciativa particular.</li> <li>Permitir desenvolver o sector.</li> <li>Fomentar novos postos de traballo.</li> </ul>	

- Cesión do solo e urbanización de todos os sistemas xerais sistemas locais e reservas para dotacións incluídos no sector.
- Creación dun espazo de equipamento público.
- Mellorar as infraestruturas do ámbito.

...

### III.2 Xustificación da elección

A **alternativa 2**, pola que se opta, recolle case as mesmas determinacións da alternativa 1, xa que as afeccións e os condicionantes urbanísticos son os mesmos, pero incorporárase máis superficie de sistema local de espazos libres, aumentando a superficie de rede viaria e aparcamentos públicos, permitindo o acceso desde esta rede viaria as distintas parcelas do sector, e que coa alternativa 1 non se daba.

#### Obxectivos:

- Cesión do solo e urbanización de todos os sistemas xerais, sistemas locais e reservas para dotacións incluídos no sector.
- Obtención dunha superficie de solo de Sistema Xeral incluído de 33.142 m<sup>2</sup>, ao que se lle une un sistema local de espazos libres, supoñendo o conxunto un enlace verde público de grande riqueza ambiental entre os dous núcleos rurais próximos.
- Creación dun novo espazo industrial vinculado ao sector agroalimentario e obtención por parte do concello dunha parcela co mesmo uso para o traslado de actividades non desexadas que hoxe se atopan na zona urbana.
- Definir as características das instalacións actuais fixando as condicións para posibles ampliacións na parcela reservada para a sociedade promotora da actuación.
- Creación dun espazo de equipamento público, que o Plan Parcial propón sexa de uso predominantemente deportivo, aínda que o concello de Lugo poderá propoñer outro uso dotacional diferente mediante o procedemento establecido na LSG.
- Mellorar as infraestruturas do ámbito.

Co desenvolvemento do sector con esta alternativa 2 escollida, realizaranse importantes infraestruturas, ademais de mellorar as existentes da zona, dáse solución aos problemas do tráfico rodado, que aínda que non é intenso está constituído en boa parte por vehículos de transporte dos produtos agroalimentarios, e obterase solo para dotacións que servirán tamén aos núcleos circundantes os cales carecen de infraestruturas abondas.

### MEDIDAS ADOPTADAS PARA O SEGUIMENTO DOS EFECTOS NO MEDIO AMBIENTE DA APLICACIÓN DO PLAN

#### 1. Vixilancia para a protección do contorno das obras

- Vixiarase que o paso inicial, antes de dar comezo ás obras será a axeitada delimitación mediante balizamento da zona de actuación para evitar así a posible invasión e o potencial deterioro das áreas contiguas por maquinaria pesada.

#### 2. Vixilancia da contaminación atmosférica

- Durante todo o período construtivo, comprobarase que se levan a cabo regas periódicas nas zonas de almacenamento, tratamento e transporte de áridos e materiais procedentes de movementos de terra, a fin de asegurar a mínima contaminación por partículas de po en suspensión.

- A maquinaria utilizada en perforación estará dotada de captadores de po e realizarase o regado periódico das pistas abertas para a execución da obra, así como o recubrimento mediante lonas dos camións encargados do traslado do material.

- Nas demolicións e voaduras avisarase ás zonas contiguas para que tomen as medidas oportunas e disporanse os medios máis axeitados para minimizar a emisión de po.

### **3. Vixiancia da contaminación acústica**

- Evitarase o tránsito de vehículos a gran velocidade.
- Verificarase que os niveis de ruído reais cumpren a normativa vixente.
- Planificación das actividades para minimizar o uso de maquinaria.
- Colocación de pantallas acústicas de material absorbente.
- Traballo en horario diúrno.

### **4. Vixiancia do sistema hidrolóxico**

- Comprobar se as obras se levan a cabo coa mínima afección sobre o curso de auga que discorre polo ámbito próximo ao Plan.
- O cambio de aceite da maquinaria realizarase en depósitos confinados para o seu posterior traslado a centros de tratamento especializados.
- Analizarase a xeotecnia da zona para determinar o grao de afección aos acuíferos e as posibilidades de minimizalo.

### **5. Vixiancia da xeración de residuos e vertidos**

- Respetaranse os distintos tipos de residuos, separando os perigosos dos non perigosos e asegurándose de que sexan xestionados por un xestor autorizado.
- Comprobarase a correcta eliminación das augas residuais producidas pola obra, que procederán na súa meirande parte da limpeza da maquinaria empregada.

### **6. Control da urbanización do espazo libre**

- Porcentaxe de especies vexetais autóctonas incorporadas.
- Comprobarase o estado e a eficacia das plantacións arbóreas realizadas, sendo o seu obxectivo o de conseguir a integración paisaxística e a redución das afeccións sonoras.
- Caudal de sistema de rego necesario para o mantemento do espazo libre.
- Suficiencia lumínica do alumbrado público acorde ao seu uso.
- Axuste do rendemento da rede de alumeado con fins de aforro enerxético e suficiencia lumínica acorde ao seu uso.